decretos 79/2009, do 19 de abril e 83/2009, do 21 de abril; así como da estrutura orgánica e acervo competencial da actual Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas resultante do disposto polo Decreto 316/2009, do 4 de xuño, este departamento conta co groso das competencias relacionadas co eido ambiental, máis carece de atribucións en materia de conservación da natureza, as cales foron conferidas á Consellería de Medio Rural consonte o Decreto 318/2009, do 12 de xuño, polo que se fixa a estrutura do citado departamento.

Tendo en conta que a Orde do 19 de decembro de 2008 vai dirixida, como se indicou, a entidades que teñan entre outros fins primordiais a conservación dos recursos naturais e do ambiente, a falta de competencia desta consellería na materia compromete a validez dunha futura resolución do procedemento, polo que é preciso poñer fin ao mesmo derrogando a dita convocatoria.

En consecuencia, conforme as facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, reformada pola Lei 11/1988, do 22 de outubro,

*DISPOÑO:*

Primeiro.-Derrógase, a Orde do 19 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro, para facilitar a súa participación en materia ambiental, así como a súa convocatoria para o ano 2009, quedando a mesma sen efecto e procedéndose ao arquivo do procedemento.

Segundo.-Anúlanse as cantidades contraídas para a citada convocatoria, expedindo para tal efecto os correspondentes documentos contables.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 7 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.*

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Estratexia Europea de Emprego, e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acade maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social, e de cohesión no territorio, cómpre adoptar políticas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade de toda a sociedade galega para crear empresas e emprego.

A Xunta de Galicia, no exercicio da competencia en materia de emprego atribuída en virtude do disposto nos artigos 29.1º e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, e logo da asunción de funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado no ámbito do traballo, o emprego e a formación, en virtude dos sucesivos reais decretos de transferencias, vén desenvolvendo un conxunto integral de medidas activas de emprego dirixidas á xeración de novos postos de traballo e ao fomento da iniciativa emprendedora.

A competencia en materia de políticas activas de emprego correspóndelle á Consellería de Traballo e Benestar, segundo o disposto no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

A Consellería de Traballo e Benestar dentro dos programas de incentivos de apoio ao autoemprego, mediante o programa das Iniciativas Emprendedoras e de Emprego (I+E+E), apoia especialmente aquelas empresas que se implanten nos territorios rurais e, pola súa vez, xeren emprego de mozos e mulleres en desemprego, incrementándose nesta orde o importe das axudas cando estas iniciativas teñan o seu domicilio social e centro de traballo nun concello rural galego.

Esta orde tamén responde ao mandato do artigo 38º da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, que establece que o departamento da Administración competente en materia de traballo poderá incluír, nas actuacións programadas en relación coa política de emprego destinadas a promover a inserción laboral efectiva das mulleres, accións e actuacións de discriminación positiva dirixidas á equiparación de ambos os sexos no emprego por conta propia, e que nas medidas dirixidas ao fomento de empresariado feminino se terán en conta de xeito preferente as mulleres emprendedoras con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social.

O programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E) é cofinanciable polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do Programa Operativo Galicia do Fondo Social Europeo no marco de converxencia, aprobado pola

Decisión da Comisión Europea C (2007) 6733, do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento do Fondo Social Europeo farase constar expresamente nas resolucións de concesión.

As bases reguladoras do programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e obxecto deste réxime, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

*DISPOÑO:*

## Capítulo I
### Ámbito e réxime das axudas

Artigo 1º.-*Obxecto, finalidade e principios de xestión.*

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2010 do programa de fomento das iniciativas emprendedoras e de emprego promovidas por persoas desempregadas, coa finalidade xerar emprego estable, principalmente entre os mozos e mulleres, apoiando e dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, con especial atención aos concellos do rural galego.

2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo e Benestar.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-*Normativa aplicable.*

As solicitudes, tramitación e concesión destas subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 9/2009, do 23 decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010; no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; e nesta orde.

Artigo 3º.-*Entidades beneficiarias.*

Poderán ser beneficiarias das axudas previstas neste programa as empresas privadas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda e nas que concorran, na data do seu inicio de actividade, as seguintes circunstancias:

a) Que sexan empresas de nova creación.

b) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente.

c) Que xeren emprego estable para persoas desempregadas.

d) Que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo nun concello de Galicia.

e) Que sexan promovidas, como máximo, por cinco persoas e que entre os/as socios/as promotores/as non figure ningunha persoa xurídica.

f) Que a empresa teña un capital social máximo de 120.202 euros.

g) Que como mínimo o 50 por cento do seu capital social sexa de titularidade dos promotores e promotoras que sexan persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa.

Artigo 4º.-*Definicións.*

1. Para os efectos deste programa entenderase por:

a) Persoas desempregadas: as que figuren inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, carezan de ocupación, segundo o informe da vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social, na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego, na data da alta na Seguridade Social, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto do da Comunidade Autónoma de Galicia.

Igualmente, a comprobación de carecer de ocupación, segundo o informe da vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social, na data da súa alta na Seguridade Social das persoas que se incorporan á empresa para ocupar os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas.

b) Empregos subvencionables: os postos de traballo creados con carácter estable e que sexan ocupados por persoas desempregadas, incluídos os dos promotores e promotoras.

c) Socios/as promotores/as: os/as que figuren como tales nos estatutos sociais.

d) Empresas de nova creación: aquelas que inicien a actividade empresarial desde a data do 16 de setembro de 2009.

e) Inicio de actividade empresarial: a data en que se cause alta no imposto de actividades económicas, ou de ser o caso, desde a data de alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

f) Período subvencionable: poderán ser obxecto de subvención, ao abeiro deste programa, as actuacións subvencionables que, cumprindo os requisitos de cada tipo de axuda, se desenvolvesen desde o 16 de setembro de 2009.

g) Concello rural: aquel que teña unha poboación de menos de 20.000 habitantes. Para computar o número de habitantes dos concellos galegos, tomaranse como referencia as cifras de poboación referidas ao 1 de xaneiro de 2009, resultantes da revisión do padrón municipal, publicadas polo Instituto Nacional de Estatística e declaradas oficiais mediante o Real decreto 1918/2009, do 11 de decembro (BOE nº 309, do 24 de decembro).

h) Persoa con discapacidade: aquela que teña recoñecido pola Administración competente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. Non obstante, de acordo co disposto no artigo 1.2º da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, en todo caso, consideraranse afectados por unha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Nestes supostos a acreditación do grao de discapacidade realizarase conforme o previsto no Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 300, do 16 de decembro).

A comprobación da condición de persoa con discapacidade realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que fose recoñecida por outra Administración distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Persoas desempregadas de longa duración: aquelas que, na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estivesen sen traballo, e teñan acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregadas na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 360 días se fosen maiores de 25 e menores de 45.

j) Persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego: as que extinguisen por esgotamento a prestación por desemprego de nivel contributivo e/ou o subsidio de desemprego e non desempeñasen ningún traballo, nin por conta allea nin propia, desde a data do esgotamento.

k) Emigrantes retornados/as: aqueles/as que cumpran coa condición de que non transcorresen máis de dous anos entre a data do retorno e a data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

l) Inmobilizado material ou intanxible: para os efectos da subvención financeira e para acreditar o requisito do destino do préstamo, entenderase por inmobilizado material ou intanxible, aquel definido como tal no Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, e no Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas, e incluídos nos subgrupos 20, 21 e 23 do cadro de contas dos citados plans, excluídos os anticipos.

Os investimentos poderán ser computados sempre que as facturas estean estendidas a nome da entidade solicitante, e non sexan emitidas por algún dos/das promotores/as da empresa. Exclúense os impostos, así como os investimentos referidos aos domicilios particulares dalgún dos promotores ou das promotoras, agás aqueles debidamente acreditados que sexan imprescindibles para o desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional.

No suposto de elementos de transporte soamente se computarán os vehículos comerciais ou industriais que se empreguen no desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional, así como os vehículos automóbiles de turismo que sexan empregados nos desprazamentos profesionais polos representantes ou axentes comerciais, os empregados na venda a domicilio, na prestación de servizos de transporte de viaxeiros, de ensinanza de conductores, e os empregados en servizos de vixilancia, ao 100 por cento do seu prezo de adquisición, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Non obstante, para as empresas que realicen por conta allea operacións de transporte por estrada, non poderá concederse a subvención financeira para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

En ningún caso para a acreditación do inmobilizado material ou intanxible se terán en conta os contratos de arrendamento financeiro nin outras figuras xurídicas afíns que non concedan á entidade solicitante o pleno dominio ou titularidade inicial do investimento.

2. Para os efectos deste programa terán a consideración de colectivos en risco ou situación de exclusión social os seguintes:

a) Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadroamento, ou ben por teren esgotado o

período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.

b) Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.

c) Internos e internas de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.

d) Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.

e) As persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.

f) Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral, e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.

g) Menores internos incluídos/as no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixiada e os ex reclusos e ex reclusas.

h) Mozos e mozas que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica.

i) Traballadores e traballadoras inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.

j) Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.

k) Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

## CAPÍTULO II
## TIPOS DE AXUDA

Artigo 5º.-*Tipos de axuda.*

O programa de fomento das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), inclúe os seguintes tipos de axudas:

a) Subvención á xeración de emprego estable.

b) Subvención financeira.

c) Subvención para asistencia técnica

d) Subvención para o inicio da actividade.

e) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

Artigo 6º.-*Subvención á xeración de emprego estable.*

1. A creación de postos de traballo estables de carácter indefinido, incluídas os das propias persoas promotoras, que sexan ocupados por persoas desempregadas incentivaranse, ata un máximo de dez, cada un deles coas seguintes subvencións:

A. 4.000 euros para desempregados en xeral.

B. 5.000 euros para mozos desempregados de 30 ou menos anos.

C. 5.000 euros para mulleres desempregadas.

D. 5.600 euros para mozas desempregadas de 30 ou menos anos.

E. 6.000 euros para persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego, persoas desempregadas de longa duración, emigrantes retornados/as, persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social e persoas desempregadas con discapacidade.

Cando a dedicación sexa a tempo parcial, as contías destes incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, na xornada ordinaria legal.

2. Cando se trate de contratacións indefinidas de traballadores ou traballadoras por conta allea, esta axuda, de ser o caso, será compatible coas bonificacións á Seguridade Social previstas na normativa estatal, sen que ambos os dous beneficios poidan superar o 60 por cento do custo salarial de dúas anualidades correspondente ao contrato obxecto de subvención.

3. Non se poderá conceder esta axuda cando se trate de traballadores ou traballadoras que prestasen servizos na mesma empresa en virtude dun contrato de carácter temporal.

4. Poderán ser obxecto desta subvención os postos de traballo estables de carácter indefinido creados desde o 16 de setembro de 2009 e ata o 30 de xuño de 2010.

5. O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses desde a data da alta no correspondente réxime da Seguridade Social. Non obstante, deberá ser respectado o prazo xeral establecido no artigo 13º.2 desta orde, aínda que nesta data non transcorresen os dous meses anteriormente citados.

Artigo 7º.-*Subvención financeira.*

1. A subvención financeira ten por finalidade favorecer a creación de postos de traballo, mediante a redución dos xuros de préstamos para financiar os investimentos en inmobilizado material ou intanxible que sexan necesarios para a creación e posta en marcha destas empresas. Como mínimo, o 75 por cento do importe do préstamo deberá destinarse a financiar investimentos en inmobilizado material ou intanxible.

Os préstamos, para seren subvencionados, deberán ser concedidos por entidades financeiras que

teñan subscrito convenio, para tal fin, coa Consellería de Traballo e Benestar, e deberán formalizarse no período comprendido entre o inicio da actividade e o 30 de setembro de 2010, ou, de ser o caso, no prazo específico establecido na resolución de concesión.

Para os efectos da xustificación desta subvención teranse en conta os investimentos en inmobilizado material ou intanxible, sen incluír o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, realizados no período comprendido entre o inicio da actividade e, xustificados mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión, ou, de ser o caso, ata o 31 de outubro de 2010.

Non se admitirá, para os efectos da súa xustificación, a adquisición de bens usados con cargo ao préstamo obxecto da axuda, agás no suposto de traspaso de negocios.

2. Esta axuda, pagadoira dunha soa vez, será como máximo o equivalente á redución de ata catro puntos do xuro fixado pola entidade de crédito que conceda o préstamo, calculada sobre os oito primeiros anos da súa vixencia. A contía calcularase como se a subvención se devengase cada ano de duración do préstamo, incluído o posible período de carencia. O tipo de xuro poderá ser fixo ou variable, tomándose como referencia para o cálculo da subvención o tipo de xuro vixente na data da resolución da subvención, ou o vixente na data da sinatura do contrato do préstamo se esta é anterior.

A entidade beneficiaria, no prazo de 30 días desde a data en que teña coñecemento do pagamento efectivo da subvención, ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira, acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada.

3. Esta subvención terá como límite máximo as contías establecidas no artigo 6º desta orde para cada colectivo. Para os efectos do cálculo da contía desta axuda, só se terán en conta os postos de traballo creados desde o 16 de setembro de 2009 e ata o 30 de xuño de 2010.

4. A solicitude da subvención financeira deberá presentarse nos dous meses seguintes ao inicio da actividade respectando, en todo caso, o prazo xeral establecido no artigo 13º.2 desta orde, aínda que non transcorresen os dous meses anteriormente citados.

Artigo 8º.-*Subvención para asistencia técnica.*

1. Para axudar a persoa promotora ou empresario/a na toma das decisións necesarias para o funcionamento da empresa poderase financiar a asistencia técnica necesaria que poderá consistir nas seguintes modalidades:

a) Axuda por formación, que incluirá os cursos que a persoa promotora poida recibir para obter e mellorar os seus coñecementos sobre a función xerencial.

b) Axuda pola realización externa de estudos e informes sobre a actividade para que a persoa promotora ou empresario/a poida dispoñer de mellor información sobre os bens ou servizos obxecto de produción, incluíndose nesta epígrafe os estudos de mercado, organización, comercialización, diagnose e outros de natureza análoga.

2. O gasto orixinado pola asistencia técnica deberá producirse no período subvencionable e deberá ser efectivamente xustificado, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión, ou, de ser o caso, ata o 31 de outubro de 2010.

3. A contía da subvención, que se poderá solicitar unha soa vez, será de ata o 75 por 100 do custo dos servizos recibidos cun límite máximo de 12.000 euros polo conxunto das modalidades de asistencia técnica previstas.

4. As solicitudes de subvención para asistencia técnica deberán presentarse no prazo xeral establecido no artigo 13º.2 desta orde.

Artigo 9º.-*Subvención para o inicio da actividade.*

1. Poderá concederse para o financiamento dos primeiros gastos da actividade unha subvención de ata 2.400 euros por cada emprego subvencionable, ata un máximo de dez. Para as persoas desempregadas de longa duración e persoas desempregadas con discapacidade a contía desta subvención será de ata 3.600 euros, e para as persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego a contía será de ata 4.800 euros.

2. A través desta axuda, que se concederá por unha soa vez, serán subvencionables os gastos realizados con posterioridade ao inicio da actividade empresarial e efectivamente xustificados, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión, ou, se é o caso, ata o 31 de outubro de 2010.

Esta axuda destinarase a sufragar os gastos nos seguintes conceptos: gastos de constitución da empresa, compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, arrendamento do local, de maquinaria, e de equipos informáticos, gastos do seguro do local, publicidade e subministracións, excluído o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Os gastos poderán ser computados sempre que as facturas estean estendidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún dos promotores da empresa. Exclúense, así mesmo, os impostos e os gastos referidos aos domicilios particulares dalgunha das persoas promotoras.

3. As solicitudes de subvención para o inicio da actividade deberán presentarse no prazo xeral establecido no artigo 13º.2 desta orde.

Artigo 10º.-*Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.*

1. Co obxecto de favorecer a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas emprendedoras concederase unha subvención do 75 por cento do custo dos servizos de gardería, ata un máximo de 3.000 euros, para aqueles/as promotores/as que teñan fillos menores de tres anos.

2. Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas polos promotores ou promotoras que, obtendo a subvención establecida no artigo 6º desta orde, sexan titulares de familias monoparentais ou na que os dous cónxuxes realicen unha actividade laboral e estean dados de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

3. Serán subvencionables os gastos da gardaría correspondentes aos tres meses anteriores ao inicio de actividade, sempre que estean dentro do período subvencionable, e ata o mes de outubro de 2010.

4. As solicitudes de axuda para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar deberán presentarse no prazo xeral establecido no artigo 13º.2 desta orde.

Artigo 11º.-*Incremento dos incentivos.*

As contías máximas das axudas do programa regulado nesta orde incrementaranse nun 25 por 100, nos casos de que a empresa teña o seu domicilio social e centro de traballo nun concello rural.

## CAPÍTULO III
## COMPETENCIA E PROCEDEMENTO

Artigo 12º.-*Competencia.*

A competencia para coñecer e resolver as subvencións previstas nesta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, correspónderalles ás persoas titulares das xefaturas dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, no respectivo ámbito provincial onde a entidade solicitante desenvolva a súa actividade empresarial ou profesional, segundo consta na alta do imposto de actividades económicas ou alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda. Cando a actividade se desenvolva en máis dunha provincia desta comunidade autónoma, será competencia da persoa titular da xefatura do departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia na que estea radicado o domicilio social da empresa.

Artigo 13º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

1. As solicitudes de subvencións dirixiranse ao órgano competente para resolver e presentaranse nos rexistros da Xunta de Galicia, ou por calquera das formas previstas no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo xeral para a presentación de solicitudes das axudas deste programa finalizará o 30 de xuño de 2010, respectándose, en todo caso, os prazos específicos previstos para cada tipo de subvención.

Nos prazos específicos para a presentación das solicitudes de subvencións establecidos nos artigos 6º.5 e 7º.4 desta orde, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da alta na Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. Non obstante, as solicitudes de subvención á xeración de emprego estable e de subvención financeira polas actuacións realizadas entre o 16 de setembro do ano 2009 e a data de publicación desta orde, aínda que transcorrese o prazo establecido desde a alta na Seguridade Social ou desde o inicio da actividade empresarial, deberán presentarse ata o 30 de xuño de 2010.

4. As solicitudes e os anexos dos programas están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: http://traballo.xunta.es.

Para a formalización das solicitudes de subvención poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo e Benestar na súa páxina web, na epígrafe de axudas e subvencións.

5. Para a presentación de solicitudes de axudas as persoas ou entidades beneficiarias poderán contar co asesoramento dos e das axentes de emprego e desenvolvemento local da rede coordinada pola Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 14º.-*Autorizacións.*

1. A presentación da solicitude de subvención pola entidade interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, daquela deberá entregar coa solicitude a certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a entidade solicitante presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os

rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9-15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Coa presentación da solicitude de subvención a entidade interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención.

4. Coa presentación da solicitude de subvención, mediante o anexo V desta orde, a persoa interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co establecido no artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. En caso de non prestar a autorización, deberá presentar a fotocopia do documento acreditativo da identidade da persoa solicitante.

5. En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos na solicitude se incorporarán ao ficheiro Axudas de promoción do emprego para o seu tratamento coa finalidade da xestión, avaliación, seguimento e estatística deste programa. A presentación da solicitude supón a cesión de datos persoais á Consellería de Traballo e Benestar por parte da entidade solicitante, polo que esta é responsable de informar ao traballador/a sobre a existencia e finalidade da cesión así como da obtención do seu consentimento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do ficheiro, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lopd.traballo@xunta.es.

Artigo 15º.-*Documentación.*

1. As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde e deberán ir acompañadas do orixinal ou fotocopia compulsada da documentación, común e específica, que se relaciona.

2. As solicitudes de axudas deberán ir acompañadas da seguinte documentación común:

a) DNI ou NIE da persoa representante da entidade no caso de non prestar a autorización no modelo anexo V desta orde, á Consellería de Traballo e Benestar para a consulta dos datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

b) Poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e CIF da empresa.

c) Escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda.

d) Memoria económica e descritiva do proxecto empresarial, asinada polo/a representante da empresa, que deberá conter os datos de identificación e descrición da actividade, o currículo das persoas promotoras, o número de empregos creados e que se crearán, os aspectos técnicos de produción e comercialización, o orzamento de investimento, o plan de financiamento que acredite a viabilidade da iniciativa empresarial, as medidas de seguridade e saúde laboral e de prevención de riscos, e a adecuación en materia de protección do ambiente segundo a localización e a actividade empresarial.

e) Listaxe asinada, un para cada axuda solicitada, coa relación dos investimentos, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas en firme ou proforma, orzamentos e demais documentos xustificativos do investimento realizado ou para realizar e da axuda solicitada, segundo o modelo anexo IV desta orde.

Esta listaxe non será necesario presentala coas solicitudes de subvención á xeración de emprego estable.

f) Declaración comprensiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas *de minimis* obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores (segundo modelo anexo VI).

g) Declaración responsable, entre outros extremos, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de entidade beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e autorizacións, asinada pola persoa solicitante, segundo o modelo do anexo V.

h) Documentación acreditativa de que se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que quen solicita lle denega expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir

a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

i) Ficha de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que quen solicita é titular da conta (segundo o modelo anexo VIII).

j) Se é o caso, documentos que acrediten a pertenza aos colectivos polos que se solicita a subvención, certificación do Servizo Público de Emprego Estatal do feito do esgotamento da prestación por desemprego de nivel contributivo e/ou do subsidio de desemprego e data de remate da súa percepción, acreditación de ser emigrante retornado/a, ou certificación da concorrencia das circunstancias que determinen a pertenza aos colectivos en risco ou situación de exclusión social.

3. Documentación específica:

a) Subvención á xeración de emprego estable:

-Declaración do número de empregos estables de carácter indefinido ocupados por colectivos beneficiarios e relación nominal deles con indicación da data de incorporación efectiva (segundo o modelo anexo III).

-Documentos acreditativos da incorporación efectiva con carácter indefinido e altas no correspondente réxime da Seguridade Social.

-Declaración da empresa en que se faga constar os custos salariais de dúas anualidades de cada traballador/a polo/a que se solicita subvención, no modelo anexo III desta orde.

b) Subvención financeira:

-Contrato de préstamo ou, no seu defecto, compromiso da entidade financeira sobre a concesión do préstamo, en que figuren as características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio subscrito para tal fin (segundo o modelo do anexo VII).

-Plan de investimentos xunto coas facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, no seu defecto, facturas proforma ou orzamentos expedidos polos provedores e acredores dos activos que se vaian ter en conta para acreditar o requisito do investimento en inmobilizado material ou intanxible que se vaia realizar e o destino do préstamo.

-Declaración do número de empregos estables creados ou que se crearán ata o 30 de xuño de 2010 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daquelas polas que se solicita a subvención (segundo o modelo anexo III).

c) Subvención para asistencia técnica.

-Memoria descritiva da medida de apoio solicitada en que consten, entre outros, a xustificación da súa necesidade para o desenvolvemento da actividade empresarial e o orzamento desagregado por conceptos, a proposta dos servizos que se van desenvolver e o calendario previsto para súa realización, así como a conformidade da empresa, entidade ou persoa física que vai prestar o apoio e a aceptación do solicitante.

-Documentación acreditativa da solvencia profesional da persoa, física ou xurídica, que prestase ou prestará o servizo de apoio.

-Documento acreditativo da contratación das medidas de apoio no que conste o seu importe, facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, se e o caso, facturas proforma ou orzamento expedido pola persoa ou entidade que vai prestar o servizo de apoio.

-De conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de prestación de servizos de consultoría ou asistencia técnica, a persoa interesada deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

d) Subvención para o inicio de actividade:

-Orzamento dos gastos necesarios para o inicio da actividade, con indicación daqueles aos que se vai destinar a subvención.

-Facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, no seu defecto, facturas proforma ou orzamentos expedidos polos provedores e acredores dos gastos necesarios para o inicio da actividade que se vaian ter en conta para o cálculo da contía da subvención.

-Declaración do número de empregos estables que se crearán ata o 30 de xuño de 2010 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daquelas polas cales se solicita a subvención (segundo o modelo anexo III).

e) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

-Libro de familia co nome das persoas titulares da familia e dos fillos e fillas menores de tres anos. De ser o caso, documentos acreditativos do carácter monoparental da familia.

-Documento acreditativo do custo da mensualidade da gardería.

-Facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de

pagamento das mensualidades xa aboadas á data da solicitude.

Artigo 16º.-*Procedemento de concesión, instrución e tramitación.*

1. O procedemento de concesión das axudas e subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Promoción do Emprego do correspondente departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán a persoa ou entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará por desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 17º.-*Resolución e recursos.*

1. Logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos, as resolucións serán ditadas polo órgano competente, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, e deberán serlles notificadas ás persoas ou entidades interesadas. As resolucións, concesorias ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses que se computará desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informaráselle á entidade beneficiaria que a aceptación da axuda comunitaria do Fondo Social Europeo, implicará a súa aparición na lista pública cos nomes das entidades beneficiarias, das operacións, e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

Artigo 18º.-*Xustificación e pagamento.*

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada. En todo caso respectaranse as condicións da Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE, durante o período de programación 2007-2013, modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo.

3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

A xustificación do pagamento dos gastos obxecto das subvencións desta orde deberá acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria.

4. As persoas e entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo establecido na resolución de concesión, ou, se é o caso, ata o 31 de outubro de 2010. Excepcionalmente este prazo poderá ser pro-

rrogado nun mes de forma extraordinaria e debidamente xustificado.

5. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

A. Documentación xeral para todos os tipos de axuda:

-Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da actividade para a que se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda.

-Declaración complementaria da establecida no artigo 15.2º, letra f) desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas *de minimis* obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores (segundo modelo anexo VI).

B. Documentación específica:

a) Subvención á xeración de emprego estable:

-Última nómina aboada a cada persoa traballadora pola que se concedeu a subvención.

-Declaración do cumprimento por parte da entidade beneficiaria da obriga de informar o traballador ou traballadora acerca da subvención do seu contrato (segundo modelo anexo IX).

b) Subvención financeira:

-Copia do contrato de préstamo.

-Listaxe asinada coa relación dos investimentos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas e demais documentos xustificativos do investimento realizado e da axuda concedida, segundo o modelo anexo IV desta orde.

-Facturas xustificativas da realización do investimento en inmobilizado material ou intanxible e documento bancario acreditativo do seu pagamento.

-Documentos acreditativos da incorporación e alta no correspondente réxime da Seguridade Social das persoas que se incorporan á empresa para ocupar os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.

c) Subvención para asistencia técnica:

-Listaxe asinada coa relación dos gastos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas xustificativas do gasto realizado e da axuda concedida, segundo o modelo anexo IV desta orde.

-Facturas da empresa, entidade ou persoa física, e documentos bancarios acreditativos do efectivo pagamento do servizo recibido.

-Informe escrito da actuación de apoio desenvolvida e, para o caso de consistir na elaboración dun estudo de mercado ou similar, presentarase copia del.

d) Subvención para o inicio da actividade:

-Listaxe asinada coa relación dos gastos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas xustificativas do gasto realizado e da axuda concedida, segundo o modelo anexo IV desta orde.

-Documentación xustificativa da realización dos gastos imputados á subvención, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.

-Documentos acreditativos da incorporación e alta no correspondente réxime da Seguridade Social das persoas que se incorporan á empresa para ocupar os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.

e) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

-Listaxe asinada coa relación dos gastos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas xustificativas do gasto realizado e da axuda concedida, segundo o modelo anexo IV desta orde.

-Documentación xustificativa da realización dos gastos imputados á subvención, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.

6. Cando concorran varias axudas ou subvencións só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, tanto na fase de solicitude coma na de xustificación do pagamento.

7. A documentación exixida para a fase de pagamento poderá presentarse xunto coa solicitude, a opción da entidade ou persoa interesada. Neste suposto poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

8. Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención mentres a persoa ou entidade beneficiaria non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias -statais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

## CAPÍTULO IV
## INCOMPATIBILIDADES E OBRIGAS

Artigo 19º.-*Incompatibilidades e concorrencia.*

1. En ningún caso, o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía

que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o 80 por cento do custo da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria.

2. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda previstos neste programa.

3. As subvencións reguladas nesta orde serán incompatibles coas axudas establecidas nos programas de apoio a iniciativas de emprego de base tecnolóxica, de iniciativas locais de emprego (ILES), e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego convocados pola Consellería de Traballo e Benestar.

4. A subvención pola xeración de emprego estable será incompatible coas establecidas nos diferentes programas de fomento da contratación por conta allea convocados pola Consellería de Traballo e Benestar. Os ditos incentivos serán compatibles, de ser o caso, coas axudas ou bonificacións ás cotizacións á Seguridade Social.

Artigo 20º.-*Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias.*

1. Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das subvencións:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de tres anos, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o que deberá acreditar de maneira que faga fe.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En especial, e dado que as subvencións concedidas ao abeiro desta orde están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, as entidades beneficiarias garantirán a dispoñibilidade dos documentos xustificativos dos gastos e dos investimentos realizados e tidos en conta para a determinación da contía da subvención, e da xustificación da realización da actuación subvencionada, durante un período de tres anos a partir do peche do Programa Operativo, ou ben durante un período de tres anos a partir do ano en que tivese lugar o peche parcial deste, de acordo co disposto no artigo 90 do Regulamento (CE) 1083/2006. Os gastos subvencionados deberán poder identificarse na súa documentación contable de forma separada.

h) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar, así como, se for o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007). Neste sentido, a entidade beneficiaria deberá presentar para o pagamento da subvención concedida á xeración de emprego estable a xustificación do cumprimento da obriga de informar o traballador ou traballadora acerca da subvención do seu contrato, no modelo anexo IX desta orde. Así mesmo, a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública conforme o previsto no artigo 17º.5 desta orde.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As empresas beneficiarias das subvencións previstas nesta orde, cando no período de tres anos, desde a data da incorporación á empresa, se produza o cesamento dalgunha persoa traballadora polo que se concedeu a subvención, están obrigadas no prazo de dous meses a cubrir a vacante, cun tempo de dedicación igual ao anterior, debendo pertencer a

nova persoa traballadora a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa, polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

Para o suposto da cobertura destas vacantes poderán admitirse as transformacións de contratos temporais en indefinidos de traballadores ou traballadoras vinculados/as temporalmente á empresa, sempre que a baixa do traballador ou traballadora substituído/a se realice unha vez transcorrido o primeiro ano desde a súa incorporación á empresa.

Transcorridos tres anos desde a data de inicio da súa actividade as empresas beneficiarias, co fin de garantiren o mantemento dos postos de traballo estables creados que fosen obxecto de subvención, presentarán dentro dos tres meses seguintes unha relación da variación das altas e baixas do persoal da empresa durante eses tres anos.

3. As empresas beneficiarias das subvencións do programa de iniciativas emprendedoras e do emprego regulado nesta orde deberán manter a forma xurídica pola que se lles concedeu as subvencións durante un tempo mínimo de tres anos desde que se iniciou a actividade.

4. Deberá manterse a achega ao capital social e, como mínimo, a súa porcentaxe de participación no capital social durante o mesmo período, referido aos promotores ou promotoras que crearan o seu propio posto de traballo na empresa. A transmisión voluntaria por actos *inter vivos* de participacións sociais ou accións do capital social soamente poderá facerse a favor de persoas físicas, e sen que, neste caso, se supere o máximo de cinco persoas físicas socios/as da empresa. Esta transmisión deberá ser comunicada por escrito ao órgano concedente da subvención.

Co obxecto de acreditar o cumprimento desta obriga, a empresa beneficiaria das subvencións, transcorridos tres anos desde o inicio da súa actividade achegará ao órgano concedente certificación do Rexistro Mercantil sobre as variacións no capital social desde a data da constitución da sociedade, e declaración do órgano de administración da sociedade, con relación á información que conste no libro de socios/as, respecto á titularidade e as alteracións producidas desde a data da constitución.

Artigo 21º.-*Modificación da resolución de concesión.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 22º.-*Revogación e reintegro.*

1. Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

2. No caso de incumprimento, salvo que se acrediten causas alleas á vontade do beneficiario, respecto da obriga establecida no artigo 20º punto 1, letra a) de manter a actividade empresarial durante cando menos tres anos, e sempre que o cumprimento se aproxime de forma significativa ao cumprimento total, entendendo como tal o ter mantido a actividade durante polo menos dous anos e o beneficiario acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, procederá o reintegro das subvencións percibidas, de forma proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos tres anos.

3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial de todas as subvencións percibidas en función da persoa traballadora da que se trate, cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 20º punto 2, por cada contratación subvencionada e non substituída. Tamén procederá o reintegro parcial pola diferenza cando o traballador/a substituto/a sexa dun colectivo diferente ao substituido e lle corresponda unha subvención inicial inferior.

4. No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 20º puntos 3 e 4, de manter a forma xurídica e a porcentaxe do capital social durante polo menos tres anos, procederá o reintegro parcial das subvencións percibidas, de forma proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos tres anos, sempre que o incumprimento se producise transcorridos dous anos.

5. No suposto da subvención financeira entenderase que se produce un incumprimento total cando o préstamo se cancele ou se amortice parcialmente antes de transcorrer dous anos contados desde a data da formalización do préstamo, e parcial cando, transcorridos os dous anos, a entidade beneficiaria solicite autorización ao órgano concedente para a súa cancelación ou amortización parcial e os xuros devengados sexan inferiores á subvención concedida, debendo, neste caso, reintegrar a parte da subvención financeira non xerada.

Artigo 23º.-*Exclusións.*

1. Exclúense dos beneficios do programa establecido nesta orde:

a) Os empregos de carácter estable realizados con persoas desempregadas que, nos 24 meses anterio-

res á data de alta na Seguridade Social, prestasen servizos mediante un contrato indefinido en empresas ou grupos de empresas, nas que participasen persoas ou entidades que, pola súa vez, sexan promotoras da empresa solicitante.

b) Os promotores e promotoras que, nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade, estivesen de alta como traballadores ou traballadoras autónomos/as en calquera réxime da Seguridade Social.

c) As persoas ou empresas que percibisen subvencións ao abeiro do programa de promoción do emprego autónomo, iniciativas locais de emprego, ou iniciativas de emprego de base tecnolóxica, nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións establecidas nesta orde as persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, agás que neste adquirise a eficacia un convenio, estaren suxeitas a intervención xudicial ou seren inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato subscrito coa Administración.

d) Estar incursa a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non acharse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non acharse ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria cando estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2º do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

4. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións, contidas nos puntos 2 e 3 anteriores, para obteren a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.

Artigo 24º.-*Seguimento e control.*

Os departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos as persoas ou entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 25º.-*Axudas baixo condicións* de minimis.

Os incentivos establecidos nesta orde quedan sometidos ao réxime de axudas *de minimis*, establecidos no Regulamento CE 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, do 28 de decembro). Esta circunstancia farase constar expresamente nas resolucións de concesión.

Polo tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada e non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (CE) 104/2000, do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros, cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) 1407/2002.

Artigo 26º.-*Devolución voluntaria da subvención.*

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta de *Caixa Gali-*

*cia* 2091 0300 47 3110063172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo a función de control, así como da avaliación e seguimento deste programa.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Traballo e Benestar para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Ademais, os axentes de emprego e desenvolvemento local que realicen os labores de acompañamento e asesoramento colaborarán nas actuacións de seguimento e avaliación das empresas subvencionadas ao abeiro desta orde unha vez iniciada a súa actividade.

Segunda.-A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas para os diferentes tipos de axuda previstas nesta orde, agás aquela que, de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atope en poder da Administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar nas persoas titulares das xefaturas dos departamentos territoriais, no ámbito das súas respectivas provincias para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias, das que traen causa, ditadas por delegación da persoa titular da consellería. Así mesmo, apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para a tramitación e resolución dos expedientes de desconcentración dos créditos necesarios para o financiamento desta orde.

Cuarta.-A concesión das subvencións previstas para o ano 2010 nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Quinta.-En virtude do anterior, no exercicio económico 2010, as subvencións reguladas nesta orde financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias: 12.04.322C.470.2, código de proxecto 2010 00758, cun crédito de 2.000.000 euros e 12.04.322C.472.0, código de proxecto 2010 00768, cun crédito de 1.067.488 euros. Estas contías están recollidas na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2010.

Estas axudas son cofinanciables polo FSE, nunha porcentaxe do 80 por cento, no tema prioritario 62 do eixo 1 do Programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013.

Os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

*Disposición transitoria*

As solicitudes do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego presentadas ao abeiro da orde de convocatoria do ano 2009 que quedaran pendentes de resolución no momento da entrada en vigor desta orde, poderán ser atendidas con cargo aos créditos orzamentarios do exercicio 2010 e resolveranse en función da normativa que lles era de aplicación no momento da solicitude.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

*ANEXO I*

UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*

EXPEDIENTE

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| ***INICIATIVAS EMPRENDEDORAS E DE EMPREGO***<br>*(INDICAR CUN X AS AXUDAS SOLICITADAS)*<br>☐ *1.- SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE*<br>☐ *2.- SUBVENCIÓN FINANCEIRA*<br>☐ *3.- SUBVENCIÓN PARA ASISTENCIA TÉCNICA*<br>☐ *4.- SUBVENCIÓN PARA O INICIO DA ACTIVIDADE*<br>☐ *5.- SUBVENCIÓN PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR* | ***TR340K*** | ***SOLICITUDE*** |

## DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA OU ENTIDADE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL | CIF / NIF

FORMA XURÍDICA | DATA DE CONSTITUCIÓN | DATA DE INICIO ACTIVIDADE

DOMICILIO SOCIAL | Nº INSCRICIÓN SS

PROVINCIA | CONCELLO | ☐ RURAL(1) | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO/FAX

ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN) | CNAE | Nº DE EMPREGOS INICIAIS: A TEMPO COMPLETO | A TEMPO PARCIAL

CENTRO DE TRABALLO (ENDEREZO, LOCALIDADE, CONCELLO, PROVINCIA, CP E TELÉFONO)

*(1) Indicar cun X se é concello rural (art. 4º letra g)*

**E na súa representación**

APELIDOS | NOME | DNI

ENDEREZO | PROVINCIA

CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO

EN CALIDADE DE

## DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO | PROVINCIA

CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán ao ficheiro Axudas de Promoción do Emprego para o seu tratamento coa finalidade da xestión, avaliación, seguimento e estatística deste programa. A presentación da solicitude supón a cesión de datos persoais á Consellería de Traballo e Benestar por parte da entidade solicitante, polo que esta é responsable de informar ao traballador sobre a existencia e finalidade da cesión, así como da obtención do seu consentimento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do ficheiro, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lopd.traballo@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 7 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

*Lugar e data*

______________, de ______________ de ______________

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE
____________________

DATA DE ENTRADA
_____ /_____/_______

DATA DE EFECTOS
_____ /_____/_______

DATA DE SAÍDA
_____ /_____/_______

*Xefe/a territorial do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar de*

*ANEXO II*

**INICIATIVAS EMPRENDEDORAS E DE EMPREGO**
**TR340K**

EXPEDIENTE

**INDÍQUESE CUN X A DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

**A) DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR COA SOLICITUDE (artigo 15º):**

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos á orde, e deberán ir acompañadas do orixinal ou fotocopia compulsada, da seguinte documentación:

***1. Documentación común:***

- ☐ DNI ou NIE da persoa representante da entidade, unicamente no caso de non prestar autorización no modelo anexo V para a consulta dos datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.
- ☐ Poder suficiente da persoa representante e CIF da empresa.
- ☐ Escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil.
- ☐ Alta no IAE ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda.
- ☐ Memoria económica e descritiva do proxecto empresarial, asinada polo/a representante da empresa, que deberá conter os datos de identificación e descrición da actividade, o *curriculum* das persoas promotoras, o número de empregos creados e que se crearán, os aspectos técnicos de produción e comercialización, o orzamento de investimento, o plan de financiamento que acredite a viabilidade da iniciativa empresarial, as medidas de seguridade e saúde laboral e de prevención de riscos, e a adecuación en materia de protección do ambiente segundo a localización e a actividade empresarial.
- ☐ Listaxe asinada, un para cada axuda solicitada (agás para a subvención á creación de emprego estable), coa relación dos investimentos (segundo o modelo do anexo IV).
- ☐ Declaración de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade, así como das axudas concedidas en réxime *de minimis* deste exercicio e dos dous anteriores, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo o modelo do anexo VI).
- ☐ Declaración responsable e autorizacións, asinada pola persoa solicitante (segundo o modelo do anexo V).
- ☐ Documentación acreditativa de se encontraren ao día das súas abrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que quen solicita lle denega expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- ☐ Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (segundo o modelo do anexo VIII).
- ☐ Se é o caso, documentos que acredite a pertenza aos colectivos polos que se solicita a subvención.

***2. Documentación específica:***

<u>a) Subvención á xeración de emprego estable:</u>

- ☐ Declaración do número de empregos estables de carácter indefinido ocupados por colectivos beneficiarios e relación nominal deles, con indicación da data de incorporación efectiva (segundo o modelo anexo III).
- ☐ Documentos acreditativos da incorporación efectiva con carácter indefinido e altas no correspondente réxime da Seguridade Social.
- ☐ Declaración da empresa en que se fagan constar os custos salariais totais anuais de cada traballador ou traballadora pola que se solicita subvención (segundo o modelo anexo III).

<u>b) Subvención financeira:</u>

- ☐ Contrato de préstamo ou, no seu defecto, compromiso da entidade financeira sobre a concesión do préstamo, en que figuren as características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio subscrito para tal fin (segundo o modelo do anexo VII).
- ☐ Plan de investimentos xunto coas facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, no seu defecto, facturas proforma ou orzamentos expedidos polos provedores e acredores dos activos que se vaian ter en conta para acreditar o requisito do investimento en inmobilizado material ou intanxible que se vaia realizar e o destino do préstamo.
- ☐ Declaración do número de empregos estables creados ou que se crearán ata o 30 de xuño de 2010 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daquelas polas que se solicita a subvención (segundo o modelo anexo III).

<u>c) Subvención para asistencia técnica:</u>

- ☐ Memoria descritiva da medida de apoio solicitada en que consten, entre outras, a xustificación da súa necesidade para o desenvolvemento da actividade empresarial e o orzamento desagregado por conceptos, a proposta dos servizos que se van desenvolver e o calendario previsto para a súa realización, así como a conformidade da empresa, entidade ou persoa física que vai prestar o apoio e a aceptación do solicitante.
- ☐ Documentación acreditativa da solvencia profesional da empresa, entidade física ou xurídica, que prestase ou prestará o servizo de apoio.
- ☐ Documento acreditativo da contratación do servizo no que conste o seu importe, facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, xustificación bancaria do pagamento ou, se é o caso, facturas proforma ou orzamento expedidos pola persoa ou entidade que vai prestar o servizo.
- ☐ Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de prestacións de servizos de consultaría ou asistencia técnica, copia como mínimo das tres ofertas de diferentes provedores, a elección entre as ofertas presentadas e, de ser o caso, memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

<u>d) Subvención para o inicio da actividade:</u>

- ☐ Orzamento dos gastos necesarios para o inicio da actividade, con indicación daqueles aos que se vai destinar a subvención.
- ☐ Facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, o correspondente xustificante bancario do seu pagamento ou, no seu defecto, facturas proforma ou orzamentos dos provedores e acredores dos gastos obxecto de subvención.
- ☐ Declaración do número de postos de traballo estables que se crearán ata o 30 de xuño de 2010 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daquelas polas cales se solicita a subvención (segundo o modelo anexo III).

<u>e) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras:</u>

- ☐ Libro de familia co nome das persoas titulares da familia e dos fillos/as menores de tres anos. De ser o caso, documentos acreditativos do carácter monoparental da familia.
- ☐ Documento acreditativo do custo da mensualidade da gardería.
- ☐ Facturas e, no caso de estar efectivamente pagadas, o correspondente xustificante bancario do seu pagamento, das mensualidades xa aboadas á data da solicitude.

*ANEXO II (continuación)*

**INICIATIVAS EMPRENDEDORAS E DE EMPREGO**
**TR340K**

EXPEDIENTE

**INDÍQUESE CUN X A DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

**B) DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR PARA O PAGAMENTO (artigo 18º):**
De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación común e especifica que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a relacionada nos puntos seguintes:

***Documentación xeral:***

- ☐ Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da actividade para a que se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda.
- ☐ Declaración complementaria de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas de *minimis* obtidas no exercicio actual e nos dous anteriores (segundo modelo anexo VI).

***Documentación específica:***

*a) Subvención á xeración de emprego estable:*

- ☐ Última nómina aboada á persoa traballadora pola que se concedeu á subvención.
- ☐ Declaración do cumprimento da obriga de informar á persoa traballadora da subvención do seu contrato (anexo IX).

*b) Subvención financeira:*

- ☐ Copia do contrato de préstamo, de non se xuntar coa solicitude.
- ☐ Listaxe asinada coa relación dos investimentos (segundo o modelo do anexo IV).
- ☐ Facturas xustificativas da realización do investimento en inmobilizado material ou intanxible e documento bancario acreditativo do seu pagamento.
- ☐ Documentos acreditativos da incorporación e alta no correspondente réxime da Seguridade Social das persoas que se incorporan á empresa para ocupar os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.

*c) Subvención para asistencia técnica:*

- ☐ Listaxe asinada coa relación dos investimentos (segundo o modelo do anexo IV).
- ☐ Facturas da empresa, entidade ou persoa física e documentos bancarios acreditativos do efectivo pagamento do servizo recibido.
- ☐ Informe escrito da actuación de apoio desenvolvida e, para o caso de consistir na elaboración dun estudo de mercado ou similar, presentarase copia del.

*d) Subvención para o inicio da actividade:*

- ☐ Listaxe asinada coa relación dos investimentos (segundo o modelo do anexo IV).
- ☐ Documentación xustificativa da realización dos gastos imputados á subvención, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.
- ☐ Documentos acreditativos da incorporación e alta no correspondente réxime da Seguridade Social dos traballadores/as que ocupen os empregos estables creados tidos en conta para o cálculo da subvención.

*e) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras:*

- ☐ Listaxe asinada coa relación dos investimentos (segundo o modelo do anexo IV).
- ☐ Documentación xustificativa da realización dos gastos imputados á subvención, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.

*A documentación exixida para a fase de pagamento poderá presentarse xunto coa solicitude á opción da persoa interesada.*
*Cando concorran varias axudas só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, tanto na fase de solicitude coma na de xustificación do pagamento.*

*ANEXO III*

**DECLARACIÓN DE NÚMERO DE EMPREGOS ESTABLES CREADOS OU QUE SE VAN CREAR CON CARÁCTER INICIAL E RELACIÓN NOMINAL DOS/AS EMPREGADOS/AS**
**TR340K**

EXPEDIENTE

Indicar cun x a axuda á que se refire a declaración:

- ☐ SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE - IMPORTE TOTAL SOLICITADO
- ☐ SUBVENCIÓN FINANCEIRA - IMPORTE TOTAL SOLICITADO
- ☐ SUBVENCIÓN PARA O INICIO DA ACTIVIDADE - IMPORTE TOTAL SOLICITADO

Nome da entidade solicitante:

***DATOS DE LAS PERSONAS INCORPORADAS A LA EMPRESA***

| *APELLIDOS E NOMBRE* | *DNI/NIE* | *PERSOA CON DISCAPACIDADE* | *SEXO* | *PARADOS LONGA DURACIÓN* | *ESGOTOU A PRESTACIÓN* | *EMIGRANTE RETORNADO* | *RISCO EXCLUSIÓN SOCIAL* | *DATA DE NACEMENTO* | *TEMPO DE PERMANENCIA EN DESEMPREGO* | *DATA DE INCORPORAC. EFECTIVA Á I+E+E* | *FORMA DE INCORPORACIÓN Á EMPRESA (Autón./socio traballador/ trab. conta allea)* | *XORNADA (1) %* | *TRABALLADORES/AS POLOS/LAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN (2)* | *CUSTO SALARIAL DE DÚAS ANUALIDADES (3)* | *CONTÍA SOLICITADA* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | ☐ | | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | | | | | | ☐ | | |
| | | ☐ | | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | | | | | | ☐ | | |
| | | ☐ | | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | | | | | | ☐ | | |
| | | ☐ | | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | | | | | | ☐ | | |
| | | ☐ | | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | | | | | | ☐ | | |
| | | ☐ | | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | | | | | | ☐ | | |
| | | ☐ | | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | | | | | | ☐ | | |
| | | ☐ | | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | | | | | | ☐ | | |

(1) *Indique porcentaxe sobre a xornada ordinaria (indicar 100% se se trata de xornada a tempo completo)*

(2) *Indicar cun X as persoas traballadoras polas que se solicita a subvención á que se refire esta declaración*

(3) *Indíquese a previsión do custo salarial das persoas traballadoras contratadas por conta allea correspondentes a dúas anualidades.*

O/A representante da empresa declara que o número de empregos xerados na constitución da empresa ascende a ____ , dos que ____ son a tempo completo e ____ a tempo parcial, e serán ocupados polas persoas relacionadas.

____________________, de ____________ de ________

(Sinatura do/a representante da entidade)

Asdo.:

*ANEXO IV*

**LISTAXE COA RELACIÓN DOS INVESTIMENTOS REALIZADOS OU QUE SE VAIAN REALIZAR E DA AXUDA SOLICITADA OU CONCEDIDA**

TIPO DE AXUDA SOLICITADA OU CONCEDIDA (*):

APELIDOS E NOME DNI / NIE

| Nº ORDE | PROVEDOR | CONCEPTO/DESCRICIÓN | **FACTURAS** | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | NÚMERO/REFERENCIA | DATA FACTURA | DATA DO DOCUMENTO BANCARIO DE PAGAMENTO | IMPORTE (SEN IVE) |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | **TOTAL** | |

*Achégase a esta relación as facturas enumeradas e os seus correspondentes documentos bancarios acreditativos do pagamento, de acordo co número de orde asinado. Se non dispón de suficiente espazo, faga unha relación en folla a parte.*

, de de

Asdo.:

*(*) Deberá presentarse un listado por cada axuda solicitada ou concedida.*

*Lémbraselle que a xustificación do pagamento dos gastos obxecto destas subvencións deberá acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou estracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria.*

*ANEXO V*

**DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓNS**

Don/Dona ____________________ , con DNI/NIE nº ____________

en nome e representación da entidade ____________________

con NIF/CIF nº ____________ en calidade de ____________________

**DECLARA QUE:**

a) Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

b) Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 19º da orde de convocatoria, non concorre ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e reúnense as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido no artigo 3º da orde de convocatoria.

c) Non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2º do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

d) Indicar o que corresponde:

☐ Non ten solicitado nin percibido para este proxecto ningunha outra axuda dunha administración ou entidade pública.

☐ Ten percibido ou solicitado as axudas indicadas na relación que se xunta (no modelo que figura como anexo VI).

e) Autoriza a obtención das certificacións establecidas no artigo 14º.1 da orde de convocatoria, que debe emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. No caso de denegación expresa do consentimento deberá aportar as devanditas certificacións.

☐ Non autoriza a obtención das certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma.

f) Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás subvencións recibidas, así como as sancións impostas (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros na rúa Domingo Fontán 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).

g) Autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para que de acordo co establecido nos apartados 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con expresión da convocatoria, o programa, o crédito orzamentario ao que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención.

h) Autoriza a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

☐ SI ☐ NON (neste caso deberá aportar a documentación)

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

______________, ______ de ____________ de ________

Asdo.:

*(Sinatura da persoa solicitante)*

*ANEXO VI*

**DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS E DE AXUDAS EN RÉXIME *DE MINIMIS***

EXP. Nº

PROCEDEMENTO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

Don/Dona , con DNI/NIE nº

en nome e representación da entidade

con NIF/CIF nº en calidade de

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

| ***AXUDAS*** | | ***ANO*** | ***ORGANISMO*** | ***IMPORTE €*** | ***TIPO DE AXUDA*** | ***DISPOSICIÓN REGULADORA*** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ***SOLICITADA*** | ***CONCEDIDA*** | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

Que esta entidade ten concedidas en réxime *de minimis* (Regulamento (CE) 1998/2006), neste ano e nos dous anteriores as seguintes axudas:

| ***ANO*** | ***ORGANISMO*** | ***IMPORTE €*** | ***TIPO DE AXUDA*** | ***DISPOSICIÓN REGULADORA*** |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E, para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

, de de

(Sinatura e selo da entidade)

*ANEXO VII*

**COMPROMISO DA ENTIDADE FINANCEIRA DE CONCESIÓN DO PRÉSTAMO**
**(DOCUMENTO QUE DEBERÁ PRESENTAR O SOLICITANTE XUNTO COA SOLICITUDE)**

| EXPEDIENTE |
|---|
| |

**DATOS DA ENTIDADE FINANCEIRA**

| ENTIDADE FINANCEIRA | | | |
|---|---|---|---|
| SUCURSAL, RÚA | | | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | LOCALIDADE/CONCELLO | TELÉFONO |

**DATOS DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA TITULAR DO PRÉSTAMO**

| APELIDOS E NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL | | | |
|---|---|---|---|
| ENDEREZO | | | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | LOCALIDADE/CONCELLO | TELÉFONO |

**CARACTERÍSTICAS DO PRÉSTAMO**

| IMPORTE DO PRÉSTAMO | PRAZO DE AMORTIZACIÓN | CARENCIA |
|---|---|---|
| TIPO DE XURO | | |

**DESTINO DO PRÉSTAMO (EN EUROS)**

| INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE | RESTO INVESTIMENTO |
|---|---|
| | |

Comprométese á concesión do préstamo detallado neste escrito, conforme o convenio subscrito coa Consellería de Traballo e Benestar, polo que solicita que a citada operación sexa cualificada como subvencionable.

_______________________, de _______________ de _______

(Sinatura do/a representante e selo da entidade financeira)

Asdo.:

**CONDICIÓNS DOS PRÉSTAMOS ACOLLIDOS AO CONVENIO DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR FORMALIZADOS NO ANO 2010:**

a) O prazo de amortización será de, polo menos, tres anos, podendo incluír períodos de carencia de amortización do principal.

b) O tipo de xuro máximo con que se formalizarán os préstamos será o elixido polo solicitante entre as seguintes opcións:

- Xuro fixo: o 3,23% cando o prazo de amortización sexa de ata cinco anos, ou o 3,63% cando dito prazo sexa superior.

- Xuro variable: o 3%, independentemente do prazo de amortización.
Nesta elección o tipo xuro revisarase cada ano desde a formalización de cada préstamo, resultando o novo tipo de engadir 1,75 puntos ao que se publica no BOE como euribor a un ano, do segundo mes anterior ao inicio da nova anualidade do préstamo revisado.

c) Poderase establecer unha comisión de apertura de ata un 1%.

*ANEXO VIII*

## FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

| TITULAR DA CONTA | | | DNI/NIF |
|---|---|---|---|
| ENDEREZO | | | |
| PROVINCIA | CONCELLO | CODIGO POSTAL | TELÉFONO |

## DATOS DA CONTA

| CÓDIGO DO BANCO | CÓDIGO DA SUCURSAL | DÍXITOS DE CONTROL | CÓDIGO DA CONTA |
|---|---|---|---|
| ENTIDADE FINANCEIRA | | ENDEREZO | |
| PROVINCIA | | CONCELLO | CÓDIGO POSTAL |

**CERTIFICO:**

Que os datos arriba reflectidos son correctos e que corresponden ao titular e número de conta.

_______________________, de _______________ de ________

Sinatura do/a solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*ANEXO IX*

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

**PROGRAMA DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS E DE EMPREGO**
**SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE**

**INFORMACIÓN AO TRABALLADOR OU TRABALLADORA**

Don/Dona ______ , con DNI/NIE ______
en calidade de (1) ______ da empresa ______
, con CIF ______ mediante este documento

INFORMA a:

Don/Dona ______ , con DNI/NIE ______

1º Que o seu contrato laboral foi subvencionado a esta empresa cun importe de ______ (euros), en concepto de subvención á xeración de emprego estable ao abeiro do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego.

2º Que o Fondo Social Europeo participa nun 80% no financiamento da dita subvención no marco do Programa Operativo do FSE da Comunidade Autónoma de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007.

*Lugar e data*

______, ______ de ______ de ______

Sinatura do/a representante da empresa

*(1) Administrador/a, xerente ...*

**DECLARACIÓN DO TRABALLADOR OU DA TRABALLADORA DE TER SIDO INFORMADO/A POLA EMPRESA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

Don/Dona ______ , con DNI/NIE nº ______

Mediante este documento declara e recoñece que recibiu información da empresa de que a súa contratación foi obxecto dunha subvención cofinanciada, no marco do Programa Operativo, polo Fondo Social Europeo cuxo obxectivo é o reforzo da cohesión económica e social, mellorando o emprego e as oportunidades de traballo, favorecendo un alto nivel de emprego e a creación de máis e mellores postos de traballo.

*Lugar e data*

______, ______ de ______ de ______

Sinatura do traballador ou da traballadora